



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás necesidades de persoal no eido da tradución recollidas na Memoria da actividade dos tribunais e xulgados de Galicia no ano 2014.

### Exposición de motivos

A administración de xustiza galega sofre unha crónica falla de persoal agravada nestes anos de crise e recesión polos recortes dos gobernos do PP ate configurar unhas plantillas con taxas elevadas de persoal interino e eventual.

A Memoria non pode evitar referir as múltiples eivas materiais e humanas que presenta a administración de xustiza galega ao punto de sinalar que,

*“(...) en Galicia continúan sin desaparecer certas anomalías que impiden el adecuado funcionamiento del sistema y, en consecuencia, la prestación de un servicio público de calidad.”*

A Memoria recolle que o gabinete de traducción dispón de cinco persoas para acometer un gran volumen de traballo que ten literalmente en situación de colapso ao equipo lingüístico. As diferentes salas do TSXG supoñen unha carga de traballo que na actualidade obriga a privatizar parte deste servizo en empresas contratadas ao efecto e cuxo labor ademáis de oneroso está a causar un elevado número de queixas, en particular as relacionadas coa interpretación nas vistas dos xuízos penais.

Seguindo o rego das demandas elaboradas en memorias precedentes, cita a Memoria o seguinte:

“Se insiste hasta la saciedad en que es preciso aumentar sus competencias, asumiendo la traducción al menos de los idiomas: portugués, francés, inglés y alemán al gallego y al castellano, y viceversa...Lo que conlleva un gasto, dado el número de traducciones que se deben hacer en las entidades al efecto contratadas por la consellería de xustiza, tan elevado económicamente que, sin duda, justificará la creación de dichas plazas. Amén de la posibilidad de cobertura rápida de las necesidades de traductores que con la implantación de nuevos procedimientos se puedan precisar, ganando en eficacia, al evitar los tediosos trámites para encontrar con urgencia personas conocedoras de determinados idiomas.”

Referencia crítica elocuente que se redacta e non é cousa menor como o resto da Memoria en castelán, non en galego. Fronte a esas carencias, a Memoria formula pois con clareza que é preciso investir en capital humano no eido do equipo de traducción. Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a ampliar, consonte demanda a memoria dos xulgados e tribunais de Galicia, o equipo de persoas dedicado á traducción.

En Compostela, a 18 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 20/11/2015 13:09:11**